


Sumario | nº22 – Decembro 2022

**EDIUS** NOVAS

**A necesidade de incluír a perspectiva de xénero na investigación doutoral**

Jorge Marín



**EDIUS**

*O acto de defensa da tese de doutoramento*



**OPINIÓN**

**O factor humano**



**EDIUS** NOVAS

**Bota a andar a segunda edición do concurso *Three Minute Thesis***



**EDIUS** NOVAS

**Listaxe provisional de alumnado que concorre para o Premio Extraordinario de Doutoramento 20-21**




**EDIUS** NOVAS

**Campaña 'Libros da Universidade, agasallos de Nadal'**



**EDIUS** NOVAS

**'Premio Robalo Cordeiro 2022' a un traballo que forma parte dunha tese da USC sobre a mortalidade asociada ao consumo de tabaco**



**ENTREVISTA**


Silvana Longueira, coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC

«A investigación xoga un papel fundamental no liderado de procesos de transformación cara unha sociedade máis sustentable»



EDIUS

# *O acto de defensa da tese de doutoramento*

 [Ir ao sumario](#)

É o final dun longo camiño. Un dos momentos máis desexados polos doutorandos e doutorandas e, ao mesmo, tamén un dos máis temidos. O acto de defensa pon o broche final a moitos meses de arduo traballo investigador.

## RECOMENDACIÓNS

### Xeneralidades

**01**

O acto de defensa da tese desenvolverase en **sesión pública nun día lectivo nun centro da USC**. Procurarase que sexa nunha sala acorde coa solemnidade do acto.

**02**

**03**

O acto consistirá na **exposición do traballo de investigación** por parte do/a doutorando/a, o **debate** entre o/a doutorando/a e os membros do tribunal, a **intervención** dos/as doutores/as do público asistente (podendo incluír os/as directores/as da tese), a **deliberación do tribunal** sobre a cualificación da tese e a manifestación pública da **cualificación** outorgada.

O/a doutorando/a e o público asistente deben **entrar ou saír da sala cando o indique o/a secretario/a do tribunal**. O público debe **gardar silencio e absterse de intervir no acto**. Só os/as doutores/as do público poderán intervir cando así sexa requirido polo/a presidente/a.

**04**

**05**

Só se poderán realizar polos asistentes vídeo **gravacións e fotografías** na sala **unha vez finalizado o acto de defensa** da tese de doutoramento.

Durante todo o acto de defensa, prégase que **ningunha das persoas presentes na sala teña en funcionamento teléfonos ou calquera outro dispositivo audiovisual** que distraia ou incomode ao tribunal, ao/a doutorando/a ou ao público. **Unicamente os membros do tribunal** poderán dispor de portátiles ou outros dispositivos para o seguimento da exposición e o debate da tese doutoramento.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Funcións dos membros do tribunal

O/a **presidente/a** do tribunal é o/a responsable da dirección deste acto, ao que debe imprimir o rigor académico axeitado.

O/a **secretario/a** do tribunal encargarase de todos os asuntos relacionados co funcionamento administrativo do acto, o que inclúe preparar, cumprimentar e tramitar a documentación pertinente, supervisar os aspectos formais, chamar ao/á doutorando/a á sala, etc.

## Constitución do tribunal



Previamente ao inicio do acto de defensa, procederase á constitución do tribunal na sala onde se desenvolverá este acto. Para iso, na sala só estará presente o tribunal.



A disposición do tribunal na mesa será a seguinte: o/a presidente/a ocupará a posición central. Á súa esquerda sentarase o/a secretario/a. Á súa dereita, o/a vogal.

## Exposición da tese de doutoramento: idioma e medios de apoio

Nos actos de defensa pública da tese poderanse utilizar as **linguas cooficiais de Galicia** (galego e castelán) e /ou **o idioma de uso común no ámbito científico, técnico ou artístico da tese de doutoramento presentada**. Nas teses con mención internacional hai que facer parte da exposición noutra lingua distinta do galego ou castelán.

Debe garantirse que o tribunal estea en condicións de actuar conforme á lingua/s fixada/s para a defensa da tese.

O/a doutorando/a exporá o contido da súa tese con **claridade e rigor, empregando unha linguaxe precisa, sintética e adecuada** ao ámbito temático do seu traballo de investigación. Empregará, cando proceda, as técnicas de **apoió gráfico e os medios audiovisuais** que xulgue necesarios, co obxectivo de mellorar a calidade da exposición e facilitar o debate posterior co tribunal.

O tempo de exposición recomendado estímase nun intervalo entre os **35-45 minutos**, non debendo exceder, como norma xeral, os 60 minutos. Durante este tempo, o/a doutorando/a non debe ser interrompido/a, salvo o mellor criterio do/a presidente/a do tribunal.

## Tempo de exposición da tese de doutoramento



 [Ir ao sumario](#)

## Debate do/a doutorando/a co tribunal

O/a **doutorando/a** debe responder ás preguntas dos membros do tribunal. As súas respostas servirán para valorar a relevancia dos datos presentados e as competencias adquiridas.

O/a **presidente/a** cederá a palabra, en primeiro lugar, ao/á secretario/a e, a continuación, ao membro vogal. O/a presidente/a terá a última quenda de palabra e pechará o acto da defensa.

Unha vez concluído o debate do/da doutorando/a co tribunal, o/a presidente/a indicará ao/á doutorando/a e ao público asistente que abandonen a sala para que o tribunal proceda á **deliberación** para outorgar a cualificación á tese de doutoramento.

Tras as oportunas deliberacións, que serán secretas, o **tribunal decidirá a cualificación** que debe outorgarse. Seguidamente, unha vez cumprimentada por todos os membros do tribunal a documentación pertinente, **o/a secretario/a do tribunal chamará ao/á doutorando/a á sala**, que poderá entrar acompañado/a do público. Mentres, os membros do tribunal permanecerán sentados.

Unha vez que ocupen os seus postos o/a doutorando/a e o público, os membros do tribunal levantaránse e **o/a presidente/a do tribunal dará a coñecer a cualificación** que se outorga, que poderá ser '**non apto**', '**apto**', '**notable**' ou '**sobresaliente**'.

En ningún caso, o/a presidente/a debe realizar ningunha manifestación sobre a valoración do tribunal respecto á mención cum laude. **Se a cualificación global da tese é de 'sobresaliente', o tribunal poderá propoñer que obteña a mención 'cum laude'** se emite en tal sentido o voto secreto positivo por unanimidade. A votación para a concesión ou non da mención cum laude realizarase con posterioridade ao acto de defensa, dentro **das seguintes 24 horas**, e o **escrutinio** deste voto secreto realizarase por parte do servizo de **xestión académica**, que **comunicará o resultado** da votación, isto é, a concesión ou non da mención cum laude ao/á doutorando/a, e o secretario do tribunal dentro **das seguintes 48 h.**

## Intervención dos/as doutores/as do público

No momento que xulgue adecuado, o/a presidente/a poderá invitar aos/ás doutores/as do público (incluídos os/as directores/as da tese) a que fagan os comentarios ou pregunten cuestións que consideren oportunas relacionadas con aspectos da investigación de doutoramento desenvolvida.

## Deliberación do tribunal para outorgar a cualificación



## Directores/as:

Na USC son moitos os profesores e profesoras que cada anos dirixen teses de doutoramento. Teñen experiencia dabondo como para guiar os doutorandos/as na súa longa travesía. Deles, por suposto, tamén sacamos moitas ensinanzas. E incluso nos falan do acto de defensa das súas respectivas investigacións:

**1. Un consello para as persoas que van defender a súa investigación nos vindeiros meses?**

**2. Se tivese que defender de novo unha tese prestaríalle máis atención a...**



**ALBERTO  
RUANO RAVIÑA**

Medicina Preventiva  
e Saúde Pública

1. Que estean tranquilas e a ensaien moitas veces, tamén cos seus directores/as e con alguén que non saiba nada do tema (pai, nai, irmáns). Finalizar a presentación 4 ou 5 días antes é mala idea, ao igual que facer o ensaio co director con pouca marxe para facer modificacións. É tamén recomendable un ensaio na sala onde se vaia facer a lectura da tese. Polo demais, a pesar do nerviosismo, que traten de desfrutar dese día.
2. Ben, xa pasou moito tempo, pero probablemente lle prestaría máis atención ao formato das diapositivas, a non incluír demasiada información e táboas con datos que non se poden ver por parte do tribunal.



**BEATRIZ  
AIBAR-GUZMÁN**

Economía Financeira  
e Contabilidade

1. Eu aconsellaríalles que se mantivesen ao día no tema da tese e, de cara á defensa, inclúan algún comentario respecto ao novo que puidese ter xurdido. Por exemplo, dentro do meu ámbito, acaba de saír a directiva sobre a divulgación de información de sostenibilidade e unha tese que se defenda agora, aínda que se teña elaborado con base á proposta de directiva que estaba publicada até hai unhas semanas, debería facer referencia a isto e aos cambios que poida supoñer respecto á análise realizada.
2. Eu aconsellaría ser concreto/a na presentación, destacando o gap de investigación que cubre, os principais resultados e a contribución. Tamén facer unha presentación vistosa e non pasar dos 45-60 minutos.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Un consello para as persoas que van defender a súa investigación nos vindeiros meses?**

**2. Se tivese que defender de novo unha tese prestaríalle máis atención a...**



**JUAN MANUEL MONTERROSO MONTERO**

Historia da Arte

1. De ser posible, cousa que entendo que resulta complexa cando o/a doutorando/a está a piques de rematar a tese, é calcular con calma os prazos de maquetación, depósito e entrega, xa que sempre temos un momento de especial angustia cando os prazos se aproximan. Nese mesmo sentido, sería bo recomendarlles que vexan o proceso de defensa da tese como un punto e seguido de cara ao futuro. Moitas veces pensamos que coa defensa remata todo e, en realidade, trátase do inicio doutra etapa totalmente nova.
2. Seguramente ao axuste das dimensión do tema, xa que no noso caso é moi frecuente que os temas propostos de tese pequen de ser moi amplos e ambiciosos. É unha cuestión que se solventa perfectamente no momento de elaborar o plan de investigación. Sen embargo, en máis dunha ocasión pesa máis a visión ampla da temática proposta que os tempos marcados polo programa de doutoramento.



**LAURA ELENA SÁNCHEZ PIÑÓN**

Xenética

1. A tese é un proceso e unha aprendizaxe moi longa e sempre pensamos que quedan moitas cousas por facer. Sen embrago, o importante é o camiño e a defensa é o comezo dunha nova etapa.
2. Ao resultado como un todo e non aos pequenos detalles, que sempre nos parecen moi importantes e non o son tanto.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Un consello para as persoas que van defender a súa investigación nos vindeiros meses?**

**2. Se tivese que defender de novo unha tese prestaríalle máis atención a...**



**OFELIA  
REY CASTELAO**  
Historia Moderna

1. Que preparen a intervención de forma calculada; que calculen o tempo de exposición (non máis de media hora, menos se se pode); que organicen ben a intervención (incluso que a escriban) e que non a lean (sempre é mellor falar de forma natural aínda que seria); que se apoiem nunha presentación de *power point* con poucas viñetas (só as que sirvan de guía ao público) e que se siga un esquema claro: obxectivos, fontes, métodos e conclusións; que tomen nota escrita das preguntas ou dúbidas do tribunal e respondan, breve pero con firmeza, ao que se lles pregunte. En definitiva, que teñan en conta que é o acto universitario por excelencia e que hai que desfrutalo, non sufrilo, sen baixar o nivel de rigor académico.
2. Ao tempo da exposición. Cando eu a defendín, o normal era falar unha hora ou máis, pero o certo é que a atención do tribunal decae, e máis aínda a do público. Creo que é moi importante ter seguridade no noso traballo e saber transmitilo.



**ROSA MARÍA  
CRUJEIRAS CASAIS**  
Estatística  
e Investigación Operativa

1. Que se deteñan a ver o marco xeral no que se desenvolve a súa tese, a conexión con outras áreas e cal é a súa contribución ao avance do coñecemento e o impacto do seu traballo na sociedade. En resumo, que fagan unha posta en valor do que teñen acadado durante a súa etapa como persoal investigador en formación. E, por suposto, que isto o reflectan no documento da súa tese e na presentación da mesma. Tan sinxelo (e tan complexo) como responder a dúas preguntas: que fixen para contribuír ao avance do coñecemento na miña área ou noutras? e como impacta o meu traballo na sociedade?
2. A explicar a motivación e o camiño seguido na investigación. Penso que moitas veces só nos centramos nos obxectivos acadados, no produto final, cunha visión excesivamente utilitarista da investigación. Sen embargo, o proceso seguido é igualmente importante, e é posible que algúns dos resultados acadados xurdiran ao longo do camiño, en parte pola necesidade de resolver dificultades atopadas. Penso que é importante destacar isto nos actos de defensa, pois reflecten a capacidade que teñen as doutorandas e doutorandos para afrontarse aos retos que supón a investigación.

[↩ Ir ao sumario](#)



**1. Un consello para as persoas que van defender a súa investigación nos vindeiros meses?**

**2. Se tivese que defender de novo unha tese prestaríalle máis atención a...**



**FRANCISCO CAMPOS FREIRE**

Ciencias da Comunicación

1. Pensar con método e comunicar con estilo. O primeiro consello é tomado dun notable filósofo español, Xabier Zubiri (1898/1983), que foi discípulo de Ortega y Gasset e de Heidegger. O segundo consello é coidar moito o estilo da escritura. Admiramos o estilo das narrativas de ficción e préstase moi pouca atención ao estilo dos escritos de investigación. Outra recomendación é non empregar *power point*. A maioría das presentacións e defensas son rutinarias, convencionais, aburridas, moi pouco orixinais, sen estilo nin pensamento. Salvo que se exprese a retórica e dialéctica do obxecto de investigación con gráficas e imaxes expresivas de notable orixinalidade, as formas convencionais de presentación son recursos torpes, pobres e moi pouco científicos. Mellor cambiar esas rutinas.
2. A defensa dunha investigación xa non ten que ser un exame nin tampouco repetir o mesmo esquema ou estrutura da tese. O tribunal xa tivo que ler a investigación e debe prepararse tamén para converter o acto nun confronto científico. A investigación é un proceso de formación científica de natureza dialéctica e a súa presentación e defensa ten que responder a esas expectativas. A defensa diante dun tribunal debe ser un confronto dialéctico, onde presentador e tribunal se enriquecen simultaneamente co debate.



**MARÍA PILAR LLOPART VIZOSO**

Química Analítica

1. Crer no seu tema e pensar que elas son as que máis saben sobre a súa tese. Non memorizar o discurso, aínda que, ás veces, despois de demasiados ensaios, xa non se poida evitar. Unha certa improvisación é o ideal para non caer na monotonía.
2. Cando eu presentei a tese non había os recursos audiovisuais cos que se conta hoxe en día. Así que, con todas as ferramentas actuáis, trataría de visualizar os procesos e facer o acto de defensa máis entretido. O obxectivo é captar a atención e o interese en primeiro lugar do tribunal, iso está claro, pero á vez de todo o público.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Novos/as doutores/as:

Despois de anos de traballo, varios investigadores e investigadoras da EDIUS conseguiron nos últimos meses o ansiado título de doutor ou doutora. Teñen aínda moi fresca a lembranza do acto de defensa da súa tese e por iso son as persoas ideais para falarnos dese momento e dar algúns sabios consellos:

1. Que lle recomendas ás persoas que van defender nos vindeiros meses a súa tese?

2. Que consideras máis importante para que o acto de defensa sexa un éxito?



**LAILA GONZÁLEZ MELCHOR**

Área de Ciencias da Saúde  
PD en Endocrinoloxía

**Tese:** *Utilidade clínica do biomarcador ST2 soluble en pacientes con fibrilación auricular*

1. Recomendo preparar a presentación con suficiente anticipación, así como practicala na casa varias veces e formular posibles preguntas. Revisa a tese as veces que sexan necesarias, en ocasións as preguntas están enfocadas en eses pequenos erros ortográficos, de referencias, etc. Se é posible, é recomendable asistir a outras defensas de teses de doutoramento para saber como é o proceso, ademais de estudar moito.
2. Primeiro de nada, tratar de facelo con tranquilidade (para isto é importante ir preparado). Pensa que cando fagan preguntas complicadas pode ser que non saibas a resposta, pero recorda que non hai ninguén que coñeza o traballo da túa tese mellor ca ti. Finalmente, procura gozar da túa defensa, é unha experiencia única.



**DAVID FERNÁNDEZ MILLÁN**

Área de Ciencias da Saúde  
PD en CC. Odontolóxicas


**Tese:** *Determinación e avaliación da cor e o seu rexistro nos procedementos odontolóxicos*

1. A miña recomendación para aquelas persoas que van defender a tese proximamente sería que se mantiveran tranquilos e traballando até o último momento. A recta final dun proxecto tan importante como unha tese de doutoramento pode facerse dura, pero hai que manterse ilusionado e motivado até o día da defensa.
2. Para que o día da defensa sexa un éxito creo que é importante ter a presentación moi ben preparada, o que permitirá mostrarse seguro á hora de expoñela. Tamén é útil ser autocrítico coa túa propia tese e preparar a defensa tendo en conta posibles puntos débiles.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Que lle recomendas ás persoas que van defender nos vindeiros meses a súa tese?**

**2. Que consideras máis importante para que o acto de defensa sexa un éxito?**



**ROI MEIZOSO LOUREIRO**  
Área de Ciencias  
PD en Medio Ambiente  
e Recursos Naturais

**Tese:** *A lignina do toxo: unha vía sustentable para a síntese de polímeros epoxi*

1. A culminación da etapa da tese é un fito moi importante na vida académica e profesional dunha persoa e é o froito de moito esforzo e traballo durante varios anos. Como ex doutorando e xa nesta nova etapa como doutor, considero que ao finalizar a tese temos aprendido a enfrontarnos á labor investigadora de xeito independente e a resolver con eficacia problemas que moitas veces chegan en momentos límite, como foi no meu caso, que cheguei aos últimos meses con moitas dúbidas sobre o remate con éxito da miña tese.
2. Recomendo aos/ás doutorandos/as que defendan a tese que vaian con confianza, que simplemente van defender un traballo que é propio deles, ao que dedicaron moito do seu tempo nos últimos anos. Ninguén mellor ca eles/as van saber do que trata a súa tese e sempre van poder xustificar calquera decisión, resultado ou conclusión á que teñan chegado. Tamén recomendo que ensaien con xente de confianza a maneira de defender a tese para axustar ben os tempos. Non hai que contar toda a tese, senón seleccionar o que consideren máis importante. No meu caso, veume ben poder charlar un anaco cos membros do tribunal antes de comezar a defensa, para relaxar os nervios que sempre hai.



**JOAN MIGUEL ÁVILA**  
Área de Ciencias  
PD en Ciencia  
e Tecnoloxía Química

**Tese:** *Anelacións Catalizadas por Metais de Transición en Medios Biolóxicos*

1. Celebra as pequenas vitorias, pero non baixes a garda. Chegados a este punto xa demostraches a túa valía. Sen embargo, aínda falta un último empurrón para finalizar.
2. Estar tranquilo e aprender a desfrutar da defensa. Como ben me lembraban os meus directores: “Ninguén sabe máis do tema que defendes que ti mesmo. Reláxate e desfruta presentando o teu traballo”.

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Que lle recomendas ás persoas que van defender nos vindeiros meses a súa tese?**

**2. Que consideras máis importante para que o acto de defensa sexa un éxito?**



**NEREA  
BORJA GONZÁLEZ**

Área de Ciencias  
PD en Ciencias  
Materiais

**Tese:** *Síntese fotoquímica de clústeres de prata de Baixa atomicidade*

1. Creo que é importante lembrarte a ti mesmo que se chegaches até aí é porque vales e tes o coñecemento suficiente para defender o traballo realizado. A parte máis dura do camiño xa a superaches, agora só queda o broche de ouro final. Como esta parte de “crelo” ás veces é complicada, sempre podes xuntar a un grupo de compañeiros/as que teñan coñecemento sobre o tema da túa tese e poidan facerche preguntas, de maneira que vaias moito máis seguro/a á defensa.
2. Creo que a parte máis importante é a presentación. Unha presentación non demasiado longa, que teña un fío condutor e que sexa fácil de seguir. En ocasións, a tese faise un pouco dura de ler para o tribunal e unha boa exposición vai facilitar tamén o momento das preguntas. E, tal como mencionei antes, a seguridade nun mesmo é chave, non só para que os ouvintes disfruten, senón para que a un mesmo lle quede un bo sabor de boca ao pechar unha etapa tan importante.



**ANDREA  
VALENCIA BERMÚDEZ**

Área de Ciencias Sociais  
e Xurídicas  
PD en Comunicación  
e Información  
Contemporánea

**Tese:** *A comunicación do valor dos medios de servizo público en Europa*

1. Recomendolles que visualicen o momento tantas veces como poidan; que se imaxinen na sala presentando, contestando ás preguntas, compartindo resultados e conclusións. Que a preparen ben para poder ter o máximo control sobre a defensa, sempre lembrando que o camiño xa está feito.
2. Define que é unha defensa de éxito para ti e os teus directores/as e prepáraa en base a eses ítems. Lembra que ti es a persoa que máis sabe da túa tese, e que se estás aí o traballo está feito. Respira e disfruta, é o teu momento. O tribunal está aí para avaliar e para facer comentarios, agradáceos e apúntaos porque che servirán para a túa futura carreira investigadora.

[↩ Ir ao sumario](#)

1. Que lle recomendas ás persoas que van defender nos vindeiros meses a súa tese?

2. Que consideras máis importante para que o acto de defensa sexa un éxito?



**ZIAD AKRAM  
ALI HAMMOURI**

Área de Enxeñaría  
e Arquitectura  
PD en Investigación  
en Tecnoloxías  
da Información

**Tese:** *Clasificación de datos grandes baseada en máquinas de vectores de soporte*

1. Calma e calma. Iso é o máis importante porque ninguén sabe da túa tese máis ca ti, por iso procura gozar dos momentos da recollida que sementaches.
2. Preparar ben co teu titor/a e intentar ensaiar no mesmo lugar da defensa, ten confianza e non sexas arrogante. Moita sorte para todos e todas.



**IKRAME  
SELKANE**

Área de Enxeñaría  
e Arquitectura  
PD en Xestión  
Sustentable da Terra  
e do Territorio

**Tese:** *A aplicación de xestión innovadora de áreas protexidas. Estudo Comparativo Intercontinental*

1. Se che faltan só uns meses para ler a túa tese, xa te felicito. A meirande parte do teu traballo xa está feita. Agora queda a parte de presentalo, de defendelo como se fora o teu neno. Ensaia unhas cantas veces, pero non até a última semana. Os momentos previos á presentación, dedícaos a descansar e relaxarte antes do gran día, pois se o vas presentar no teu idioma materno, creo que o terás controlado. Eu presenteí a miña tese en inglés e tiña que facer un dobre esforzo para estar moi lista e preparada á hora de explicalo todo en inglés e máis cando tocaba responder ás preguntas no debate (contestando en inglés e español e adaptando a miña mente e o meu vocabulario). En poucas palabras: prepárate, confía en ti. É o teu proxecto e ninguén saberá del mellor ca ti. Adiante!
2. Todo o acto de defensa é importante, pero se teño que destacar un momento especial, serían os primeiros minutos. Estes momentos cando aínda estás nervioso e se che escapan as palabras... Antes de chegar a isto, pecha os ollos e respira, así podes controlar un pouco máis a situación. Moita sorte!

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Que lle recomendas ás persoas que van defender nos vindeiros meses a súa tese?**

**2. Que consideras máis importante para que o acto de defensa sexa un éxito?**




**FRANCISCO ACIOLY DE LUCENA NETO**

Área de CC.SS. e Xurídicas  
PD en Comunicación e Inf. Contemporánea

*Tese: Inmigración galega: reflexións sobre as influencias antropolóxicas culturais que remiten subxectivamente á presenza galega no cine brasileiro*

1. Recomendo tomalo con calma e revisar os contidos principais para situarse sempre no fío condutor lóxico da súa tese.
2. Ter dominio dos contidos a tratar.



**BEATRIZ GARCÍA PLANA**

Área de Ciencia  
PD en Física Nuclear e de Partículas

*Tese: Estudo da Universalidade Leptónica de Sabor mediante desintegracións B semitaúónicas no experimento LHCb do CERN*

1. Os últimos meses son complicados, xúntase o cansazo acumulado, a frustración por non avanzar tan rápido como nos tería gustado, a incerteza dos seguintes pasos, as ganas de que a tese reflicta o traballo dos anos, diversos medos... Estes factores inflúen en que os últimos meses sexan un período de altísima autoexigencia. Daquela, eu convidaríavos fortemente a que teñades paciencia co proceso que tedes entre mans, e a que practiqueades a auto-compaixón e vos permitades ser comprensivas con vós mesmas. Tamén faría fincapé na importancia de estar orgullosas do traballo feito. Con toda a voráxine que supón rematar e o acto de defensa, recomendo facer unha pequena pausa, respirar, mirar cara atrás e decatármonos de todo o aprendido neste tempo e do transcendental da experiencia como doutorando/a. Por último, pero non menos importante, para min foi vital falar do que estaba a experimentar e sentir, e apoiarme na miña rede afectiva.
2. Unha boa preparación da presentación e poñer moita atención en non deixar ningún detalle solto para o día do acto de defensa. Para min o proceso consistiu en irme afacendo e familiarizando coa presentación e o espazo da defensa, interiorizando ese día. Deste xeito, cando finalmente chegou o acto de defensa, todo me resultou familiar e coñecido, e sentino como un espazo seguro, cómodo e empoderante para min, algo que me permitiu defender con ilusión e divertirme. Tamén creo que é fundamental confiar nunha mesma, aínda que soe a tópico, como un acto de xustiza cara o traballo realizado e amor propio. E, finalmente, desfrutar con moitas ganas do día! Xa que se culmina unha etapa da que estaredes orgullosos/as. Eu lembro o día da defensa como unha gran celebración, por fin chegara o día de poder compartir coas persoas máis queridas para min todo o traballo dos anteriores anos. E despois... a desfrutar de todo o que virá!

[↩ Ir ao sumario](#)

**1. Que lle recomendas ás persoas que van defender nos vindeiros meses a súa tese?**

**2. Que consideras máis importante para que o acto de defensa sexa un éxito?**



**TELMO  
OTERO RODRÍGUEZ**

Área de Artes  
e Humanidades  
PD en Hª Contemporánea

*Tese: A transformación da agricultura galega no camiño cara a especialización leiteira: Ruptura coa innovación labrega, industria láctea e modernización (1900-1980)*

1. Entre o momento de depósito do texto final ou do exemplar físico e a defensa vai pasar un tempo. Dende a miña experiencia, hai que ter coidado porque se pasa demasiado pode que perdamos a noción de moitos dos contidos ou se nos esquezan ideas. Parece que non, e menos nun texto elaborado por nós mesmos, pero este é tempo suficiente para que nos esquezamos de bastantes das cousas que dicíamos. Isto implicará que á hora de retomalo para a preparación da defensa teñamos que realizar un esforzo adicional, coa conseguinte necesidade de tempo dispoñible para facelo. Con isto non quero dicir que sexa máis conveniente programar a defensa ao pouco de depositar, pero si que, para evitar esa situación, pode ser útil comezar a preparar e deixar feita a defensa canto antes. Non diría comezar xa inmediatamente, pero si unha semana despois de depositar, por exemplo, na medida que no lo permitan os numerosos trámites antes e despois do depósito, así como a cuestión da impresión dos exemplares físicos que tamén require o seu traballo e tempo. Despois, segundo se achegue a data de defensa, quedaría máis marxe para revisar e axustar os contidos e ideas que resultará interesante presentar.
2. En primeiro lugar, creo que o máis importante é ter tempo suficiente para poder pensala con calma. Dende o meu punto de vista, o ideal serían arredor de tres semanas, mais todo depende do presentes que teñamos os contidos da tese. O fundamental é que na defensa se mostren as claves que estruturan a nosa investigación, dende a formulación até os resultados. Así, xa mesmo durante a preparación veremos que non poderemos incluír todas as ideas que aparecen no texto que redactamos, nin tan sequera poderemos facer referencia a todos os apéndices, e tampouco recomendaríamos comezar dende o principio da tese a facer un resumo, senón que se trata de ir facendo unha selección daqueles puntos que estruturan e lle dan sentido ao discurso que queremos presentar. É dicir, aquilo que xustifica a nosa tese e deixa constancia do que aportamos. Sen esquecer tampouco a necesidade de cinguirnos ao tempo do que dispoñemos. E claro, para todo isto é de moita axuda ter en mente de forma sintética todo o contido. Despois, resulta tremendamente útil facer un ensaio en presenza do director/a, xa que nos permitirá axustar máis aínda eses puntos chave. Canto maior sexa a antelación á defensa, máis marxe teremos para realizar modificacións. En segundo lugar, á parte da propia presentación, o principal reto atópase na resposta aos comentarios do tribunal. Cada membro brindaranos numerosas apreciacións, críticas e ideas, que teremos que asimilar con pouca marxe de tempo antes de responder. A tendencia é tratar de anotar todo o que din -tamén de cara a futuras modificacións da tese- mais eu recomendaría centrarse en escoitar e apuntar unicamente só as ideas chave que nos queren transmitir. Así evitaremos que, cando nos volva tocar falar, non nos atopemos cun montón de notas a revisar de novo, co risco de non dar visualizado entre elas aquilo que temos que responder.

[↩ Ir ao sumario](#)



**Fernando Adrián  
Fernández Tojo**

Ciencias e Enxeñarías

**«Coidar dos  
aspectos persoais  
e interpersoais do  
doutoramento é  
unha necesidade  
cada vez máis  
perentoria.  
Espero que  
os directores  
e directoras  
esteamos á  
altura»**

[↩ Ir ao sumario](#)

OPINIÓN

## O factor humano

Sei que cando ninguén me ve sucumbo aos praceres culpables. Nesta ocasión, un documental sobre unha das grandes fraudes científicas da historia: o escándalo Schön. Por resumir, J. H. Schön, considerado no seu momento un revolucionario dos semicondutores, inventouse os resultados, gráficas incluídas, durante anos. O documentalista pregúntase por que e eu tamén. A presión por publicar, unha mala economía, a falta de comprobacións por parte do equipo investigador, a mercantilización das revistas especializadas, etc son moitos dos factores, pero, o esencial, é o factor humano.

O documental déixame con mal sabor de boca. Pregúntome se os directores e directoras de teses estamos a facer o suficiente no noso labor de titoría. Ao meu entender, este consta de tres facetas: a teleolóxica, na que velamos polos resultados; a deontolóxica, na que nos aseguramos de que o método científico e os medios polos cales se chega aos resultados sexan os axeitados; e, a falta dun nome mellor, a humana. Polo xeral, adoitamos ocuparnos atentamente da primeira e tamén, aínda que ás veces en menor medida, da segunda, pero que hai do factor humano?

A investigación non se fai no baleiro, en abstracto, senón que a levan persoas, con todas as súas virtudes e defectos. Cando foi a última vez que falamos cos nosos doutorandos de honestidade, integridade, ego e tribalismo? Cando da diferenza entre as expectativas da sociedade e do doutorando/a e a, por veces, sórdida realidade da investigación? Cando de como xestionar o estrés, a frustración e a síndrome do impostor? Cando de saúde mental, alienación e depresión?

Coidar dos aspectos persoais e interpersoais do doutoramento é unha necesidade cada vez máis perentoria. Espero que os directores e directoras esteamos á altura.



EDIUS NOVAS

## Listaxe provisional de alumnado que concorre para o Premio Extraordinario de Doutoramento 20-21

Xa están publicadas as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas en relación coa convocatoria dos Premios Extraordinarios de Doutoramento correspondentes ao curso 2020-2021.

Até o 13 de decembro, está aberto o prazo de 10 días hábiles para a presentación de alegacións, que deberá facerse a través do formulario de Sede Electrónica habilitado a tal efecto.

Calquera dúbida ou consulta sobre o procedemento debe realizarse a través do correo electrónico, indicando a grande área de coñecemento correspondente ao enderezo da EDIUS [edius@usc.es](mailto:edius@usc.es).

No Taboleiro electrónico da USC pódese atopar a **normativa** pola que se rexe a concesión dos premios neste ano, a **convocatoria**, o Anexo I coas teses que optan ao premio, o Anexo II cos criterios de valoración e o Anexo III onde se nomea aos integrantes das catro comisións de valoración, unha por cada grande área de coñecemento.

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Abad Villaverde	Beatriz	CSX	Psicoloxía
Agra Tuñas	María del Carmen	CS	Ciencias da Saúde
Aguado Barrera	Miguel Elías	CS	Ciencias da Saúde
Al Amri	Tariq Said Mahad	CE	Enxeñarías
Alnaimat	Alá Salem Ali	CE	Química e Tecnoloxía Química
Alonso Vilar	Cristina	CS	Ciencias da Saúde
Álvarez Coiradas	Elia	CS	Ciencias da Saúde
Álvarez Pérez	Belén	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Amado Puentes	Alfonso	CS	Ciencias da Saúde
Amhaz Escanlar	Samer	CS	Ciencias da Saúde
Arellano Pérez	Stéfano	CE	Enxeñarías

 [Ir ao sumario](#)

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Arias Cisterna	Andrea	CE	Química e Tecnoloxía Química
Balado Souto	Daniel	CE	Física
Barbosa Sousa Gouveia	Sofia Isabel	CS	Ciencias da Saúde
Barral Arca	Ruth	CS	Ciencias da Saúde
Barreiro Vázquez	José Daniel	CS	Ciencias da Saúde
Barroso de Aragón Seia Franco	Maria Cristina	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Bevilacqua	Riccardo	CE	Química e Tecnoloxía Química
Bisquert I Perez	Kylyan Marc	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Boente Juncal	Andrea	CS	Ciencias da Saúde
Bosquet Mera	Brais	CE	Enxeñarías
Buedo Fernández	Sebastián	CE	Matemáticas
Bugallo Ferrón	David	CE	Física
Caballero Javierre	Pablo	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
Caicedo Valdés	Diego Jesús	CS	Ciencias da Saúde
Calles Lombao	Marcos Gerardo	AH	Historia, Xeografía e Artes
Calvelo Souto	Martín	CE	Química e Tecnoloxía Química
Candisano Mera	José Agustín	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Capitango	José	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Carballo Gende	Enrique	AH	Historia, Xeografía e Artes
Casal Mouriño	Ana	CS	Ciencias da Saúde
Casal Valencia	Sonia	AH	Historia, Xeografía e Artes
Castro Martínez	Paloma	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Castro Varela	Gabriela	CE	Química e Tecnoloxía Química
Cebro Márquez	María	CS	Ciencias da Saúde
Cobo Golpe	Maria	CS	Ciencias da Saúde
Cordido Eijo	Adrián	CS	Ciencias da Saúde
Cortegoso Galmán	Andrea	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
de Castro Palomares	Álvaro	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
de Dios Flores	Iria	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
de Sousa Pereira da Rocha Teixeira	Isabel Maria	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Díez Sotelo	Marta	CS	Ciencias da Saúde
Diz Iglesias	Pedro	CS	Ciencias da Saúde

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Domínguez Loidi	Blanca	CS	Ciencias da Saúde
Domínguez Vivero	Clara	CS	Ciencias da Saúde
Dono Martin	Marcos	CSX	Psicoloxía
Duarte Pinto de Azevedo	Ana Paula	CS	Ciencias da Saúde
Escala Vodopivec	Darío Martín	CE	Física
Fanjul Hevia	Arís	CE	Matemáticas
Feijoo Rodríguez	Manuel	CE	Física
Fernandes Pflüger	Pricila	CS	Ciencias da Saúde
Fernández Armesto	Mónica	AH	Historia, Xeografía e Artes
Fernández Calo	Martín	AH	Historia, Xeografía e Artes
Fernández Fariña	Alejandro	CE	Matemáticas
Fernández Fariña	Sandra	CE	Química e Tecnoloxía Química
Fernández Fernández	Martín	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Fernández Ferreiro	Marcos	AH	Historia, Xeografía e Artes
Fernández Fondevila	Marcos	CS	Ciencias da Saúde
Fernández Martín	Silvia	CS	Ciencias da Saúde
Fernández Pajarin	Gustavo	CS	Ciencias da Saúde
Fernández Sanjurjo	Mauro	CE	Enxeñarías
Fernández Villar	Zulema	CE	Química e Tecnoloxía Química
Flament Simon	Saskia Camille	CS	Ciencias da Saúde
Gabadage Dona	Thilini Madurangika Jayasinghe	CE	Química e Tecnoloxía Química
García Cid	Eire	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
García Mazás	Carla María	CS	Ciencias da Saúde
García Quinteiro	Eva María	CSX	Psicoloxía
García Vence	María	CS	Ciencias da Saúde
Gerpe Pérez	Enelina María	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Gomes de Oliveira	Anderson	AH	Historia, Xeografía e Artes
Gomes Mesquita Abrunhosa e Sousa	Luís Duarte	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Gómez Darriba	Javier	AH	Historia, Xeografía e Artes
González Blanco	María	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
González Rellán	María Jesús	CS	Ciencias da Saúde
González Uriel	Daniel	CSX	Dereito e Ciencias Políticas

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Gusman Correia de Araújo Barbosa	Maria Inês	CSX	Economía
Ibáñez Beltrán	Luis Manuel	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Iglesia García	Daniel de la	CS	Ciencias da Saúde
Iglesia Rodríguez	Darío de la	CE	Química e Tecnoloxía Química
Lama López	Raquel	CS	Ciencias da Saúde
Lastres López	Cristina	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Latorre Ruiz	Enrique	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Learte Aymamí	Soraya	CE	Química e Tecnoloxía Química
Lema Atán	José Ángel	CS	Ciencias da Saúde
Lestido Cardama	Antía	CS	Ciencias da Saúde
Liñares Pose	Laura	CS	Ciencias da Saúde
Lombao Vázquez	Alba	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
Lombera Hermida	Arturo Jesús de	AH	Historia, Xeografía e Artes
López Fernández	José Manuel	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
López Gómez	Helena	AH	Historia, Xeografía e Artes
López Iglesias	Clara	CS	Ciencias da Saúde
López López	Andrea	CS	Ciencias da Saúde
López Rodríguez	Miguel Ángel	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
López Trigo	Nuria	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
Luaces Rodríguez	Andrea	CS	Ciencias da Saúde
Lugilde Valín	Javier	CS	Ciencias da Saúde
Mallah	Narmeen	CS	Ciencias da Saúde
Mallo Abreu	Ana	CS	Ciencias da Saúde
Mallo López	Sabela Carme	CSX	Psicoloxía
Marchetto Santorun	María Cecilia	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Mariño Mexuto	Marta	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Márquez Albés	Ignacio	CE	Matemáticas
Martínez Santos	Alba Elena	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Matanza Fente	Xosé Manuel	CS	Ciencias da Saúde
Míguez Salina	Gabriela Dolores	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Miramontes Viña	Vanessa	CSX	Economía
Montes Campos	Hadrián	CE	Física

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Mouzo Calzadilla	Daniel	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
Navarro Poupard	María Fernanda	CE	Física
Negreira Rey	María Cruz	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Nion Álvarez	Samuel	AH	Historia, Xeografía e Artes
Núñez Hernández	Daniel	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Olivera Fernández	Ana	CS	Ciencias da Saúde
Otero Fumega	Adolfo	CE	Física
Pazo Argibay	José Manuel	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Pedreira Giralda	Francisco	CE	Física
Peñate Valentín	María Concepción	CSX	Economía
Pérez López	Guillermo Rubén	CS	Ciencias da Saúde
Pettersson Traba	Daniela Beatriz	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Piccotti	Luca	CE	Matemáticas
Piñeiro Juncal	Nerea	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
Pischedda	Sara	CS	Ciencias da Saúde
Ponce Martínez	Gustavo Matías	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Pozo Míguez	Iago	CE	Química e Tecnoloxía Química
Prada Alonso	Sara	CE	Matemáticas
Prasanna	Maruthi	CS	Ciencias da Saúde
Regueiro Expósito	Cristina	CS	Ciencias da Saúde
Reguera Suárez	Consuelo	CSX	Psicoloxía
Rey Cabezado	Mónica	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Rey Varela	Diego	CS	Ciencias da Saúde
Rial Silva	Ramón	CE	Física
Riveiro Rodríguez	Tania	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Roca Baamonde	Silvia	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Rodríguez López	Jonatan	AH	Historia, Xeografía e Artes
Rodríguez Arias	Iria	CE	Química e Tecnoloxía Química
Rodríguez Castiñeira	Hadriana	CE	Enxeñarías
Rodríguez Castro	Marta	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Rodríguez Enríquez	María Fernanda	CS	Ciencias da Saúde
Rodríguez Martínez	María Ángeles	CS	Ciencias da Saúde

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Rodríguez Palmeiro	Iago	AH	Historia, Xeografía e Artes
Rodríguez Vázquez	Raquel	CE	Bioloxía e Ciencias da Natureza
Rouco Taboada	Helena	CS	Ciencias da Saúde
Ruiz Bañobre	Juan	CS	Ciencias da Saúde
Sansó-Rubert Pascual	Daniel	CSX	Dereito e Ciencias Políticas
Santiago Freijanes	José Javier	AH	Historia, Xeografía e Artes
Sidoti	Alessio	AH	Historia, Xeografía e Artes
Sieira Nóvoa	Benigno José	CE	Química e Tecnoloxía Química
Suárez Garea	Jorge Alberto	CE	Enxeñarías
Suh Oh	Hae Jin	CS	Ciencias da Saúde
Suleiman Salameh Abushattal	Saqr	CS	Ciencias da Saúde
Taboada López	María Vanesa	CE	Química e Tecnoloxía Química
Thenier Villa	Jose Luis	CS	Ciencias da Saúde
Torrelles Manent	Juan	CSX	Economía
Touriñán Morandeira	Laura	AH	Historia, Xeografía e Artes
Vázquez Gómez	María Belén	CS	Ciencias da Saúde
Vázquez Lago	Juan Manuel	CS	Ciencias da Saúde
Vázquez Mourelle	Raquel María	CS	Ciencias da Saúde
Vázquez Ríos	Abi Judit	CS	Ciencias da Saúde
Vázquez Rodríguez	Ana	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Vázquez Rodríguez	Inés	CS	Ciencias da Saúde
Vila Sanjurjo	Celina	CS	Ciencias da Saúde

## Solicitudes excluídas

As seguintes solicitudes foron excluídas por non presentar documentación.

Apelidos	Nome	Sección	Subárea
Cortez-Lobao Sineiro	Francisco	CSX	Ciencias da Educación e a Comunicación
Millán Rodríguez	Francisco Miguel	AH	Filosofía, Filoloxía e Lingüística
Peña Fernández	Maite	CS	Ciencias da Saúde

 [Ir ao sumario](#)

3MT®



## Bota a andar a segunda edición do concurso *Three Minute Thesis*

***Three Minute Thesis (3MT®)***, un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento que pretende cultivar as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación dos estudantes.

Despois da boa acollida que tivo o curso pasado, a USC, a través da súa Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS), retoma a convocatoria da segunda edición do **Three Minute Thesis (3MT®)**, un concurso de comunicación para investigadores e investigadoras de todas as áreas do coñecemento. Na primeira edición, preto de 20 doutorandos e doutorandas da USC enviaron os seus vídeos para participar neste certame.

Antes de finalizar o ano, a Escola de Doutoramento dará a coñecer o calendario cos prazos habilitados para o envío dos vídeos, así como as normas e novidades que puidera haber con respecto á primeira edición do 3MT, un certame que cultiva as habilidades de comunicación académica, de presentación e de investigación do estudantado. O concurso apoia a capacidade dos doutorandos e doutorandas para explicar eficazmente a súa investigación en tres minutos, nunha linguaxe adecuada para un público non especializado.

[↩ Ir ao sumario](#)

Esta competición reta aos estudantes de doutoramento a consolidar as súas hipóteses, obxectivos e ideas así como a validez e importancia dos resultados da súa investigación, e a presentalos de xeito claro e conciso, empregando unicamente os recursos propios da oratoria e da retórica, esenciais para as súas futuras carreiras profesionais. O escaso tempo que teñen obrígalles a preparar discursos claros e efectivos, que transmitan en poucas palabras a importancia do tema de investigación de xeito sinxelo e comprensible para os non expertos.

O único requisito para participar na segunda edición do 3MT da EDIUS é estar matriculado nun programa de doutoramento da USC neste curso 2022-2023. A selección dos vídeos finalistas estará a cargo dun comité académico conformado por membros da EDIUS e profesorado da universidade compostelá. Eles serán os encargados de elixir un máximo de 12 vídeos, 3 por cada grande área de coñecemento (Artes e Humanidades; Ciencias e Enxeñaría; Ciencias da Saúde; e Ciencias Sociais) que concorrerán a unha Gran Final que, case con total seguridade, se celebrará no mes de xuño de 2023.

## CURSOS PREPARATORIOS

No afán por mellorar as habilidades comunicativas, a EDIUS organiza cada ano actividades formativas dirixidas a todo o alumnado de doutoramento. Estes cursos realizaranse no primeiro trimestre de 2023 e poderán servir para adestrar aos/ás posibles candidatos/as ao 3MT en competencias comunicativas e audiovisuais.



[↩ Ir ao sumario](#)



EDIUS NOVAS

## A necesidade de incluír a perspectiva de xénero na investigación doutoral

Jorge Marín é o secretario do Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX) da USC.



Durante catro días, impartiu o primeiro dos tres cursos organizados pola EDIUS sobre ‘A perspectiva de xénero como modelo de coñecemento’. Este curso inicial estivo centrado no ‘Concepto de Xénero e o seu Valor na Investigación Actual na Investigación’. Os cursos medio e avanzado desta temática impartiranse nos meses de maio e xuño de 2023, centrados na ‘Perspectiva de Xénero nas Ciencias Sociais e Humanas’ e en como ‘Doutorarse con Perspectiva de Xénero’, respectivamente.

A perspectiva de xénero, tal e como a define Jorge Marín, refírese aos mecanismos que permiten “identificar, cuestionar e valorar a discriminación, desigualdade e exclusión das mulleres, e crear as condicións de cambio que permitan avanzar na construción da igualdade de xénero”. Este profesor da área de Socioloxía da USC explica que a idea de organizar un curso centrado na perspectiva de xénero como modelo de coñecemento xurdiu por iniciativa da anterior directora da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX), Eva Aguayo, “e o empeño” da profesora Teresa Moure, actual directora do CIFEX.

[↩ Ir ao sumario](#)

O curso, dirixido a calquera estudante de calquera área de coñecemento que estea a realizar a súa tese de doutoramento, inclúe tres niveis (inicial, medio e avanzado), o que significa unha gradación no nivel de competencia en temáticas de xénero. Polo tanto, aínda que son independentes entre si, Jorge Marín pensa que “se vas realizar o superior convenche pasar primeiro polos outros dous para afianzar algún coñecemento previo necesario, sobre todo, se es novel nestas temáticas”.

O profesor Marín asegura que a perspectiva de xénero pode introducirse “en calquera das partes que compoñen unha investigación”, no deseño de hipótese e obxectivos, na metodoloxía escollida, na análise e nas conclusións, así como nas referentes teóricas empregadas.

Sobre o papel que xoga o Centro Interdisciplinario de Investigación Feministas e de Estudos de Xénero neste senso, o seu secretario afirma que, basicamente, “constitúe de forma global un centro propio de investigación desde o que se coordinarán todos os proxectos e quefaceres investigadores e docentes referentes á temática das relacións de xénero e das mulleres”. Jorge Marín engade que o CIFEX procura, principalmente, “a elaboración e difusión do coñecemento científico acerca das relacións de xénero e das mulleres desde perspectivas científicas múltiples”.



[↩ Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## Reunión de xoves investigadores da Sociedade Europea de Imaxe Molecular

A **Rede Española de Imaxe Molecular da comunidade investigadora** (ySMIN, polas súas siglas en inglés, *young Spanish Molecular Imaging Network*) organiza a IV Reunión da ySMIN que se celebrará o 19 de xaneiro de 2023 no Hospital Clínico Universitario De Santiago de Compostela.

O prazo de presentación de resumos remata o 4 de decembro de 2022. Pode facerse a través desta ligazón. As presentacións serán concedidas aos asistentes que estean nas fases iniciais da súa carreira (estudantes de doutoramento e posdoutorais). Haberá dous tipos de presentacións: exposición oral (8 minutos de exposición + 4 minutos de discusión) e presentación flash de póster (presentación de 4 minutos + discusión de 2 minutos).

A reunión de ySMIN é gratuíta para todos os asistentes, pero haberá que rexistrarse porque o aforo é limitado. A inscrición incluírá pausas para o café, xantar, acceso ás charlas plenarias e presentacións.

Os dous oradores plenarios que estarán en Santiago son o profesor Philip Elsinga, Universidade de Groningen, Países Baixos, cunha ponencia sobre *'Tendencias actuais en química radiofarmacéutica'*. O outro, o doutor Ramón Iglesias, Instituto de Investigación Sanitaria (IDIS) de Santiago de Compostela, que falará sobre o 'Papel da resonancia magnética nos estudos neurolóxicos'.

Entregarase un premio á mellor presentación oral que consistirá nunha inscrición gratuíta para o European Molecular Imaging Meeting (EMIM) 2023 que terá lugar en marzo en Salzburgo (Austria). Só o estudiantado de mestrado e doutoramento poderán optar a estes premios.

## Campaña 'Libros da Universidade, agasallos de Nadal'

Ata o 22 de decembro, o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico ofrece descontos coa vontade de "achegar a produción editorial á comunidade universitaria en condicións especiais, proponendo títulos moi interesantes en eidos diversos como posibles agasallos do vindeiro Nadal.

En concreto, a campaña ofrece dous lotes de libros a prezo especial, cun 50% de desconto, ata esgotar existencias.

O Lote 1 está integrado polas obras ***Concepción Arenal. La mujer del porvenir. La mujer de su casa, Iglesia, mentalidad y vida cotidiana en la Compostela medieval, Epistolario de Emilia Pardo Bazán a Benito Pérez Galdós, ComPOPstela. Música moderna en Santiago (1954-1978), Lendas das terras do Eume, Los lugares secretos de los insectos, A Universidade retratada e A domus do Mitreo.***

Mentres que o Lote 2 conforma un especial 'Clásicos do Pensamento Universal' integrado por ***Stephen Hawking. Breve historia do tempo, Alexander von Humboldt. Cadros da natureza, Claude Lévi-Strauss. O pensamento salvaxe, Concepción Arenal. O visitador do preso, Adam Smith. A riqueza das nacións (2 vols.), Hannah Arendt. Eichmann en Xerusalén, Jean-Baptiste Lamarck. Filosofía Zoolóxica e Carl Schmitt. Teoloxía política I e II. Ex captivitate salus.***

Ademais, poderase adquirir unitariamente calquera dos títulos incluídos na oferta co 35% de desconto. Os pedidos realizaranse vía e-mail a [fonso.vidal@usc.gal](mailto:fonso.vidal@usc.gal) (Asunto: Nadal. Lote 1 / Nadal Lote 2 / Nadal Lote 1, 2) ou como venda directa nas dependencias do SPIC (Casa Gradín, Campus Vida) en horario de 9.00 a 14.00h durante o período da campaña.

 [Ir ao sumario](#)

EDIUS NOVAS

## ‘Premio Robalo Cordeiro 2022’ a un traballo que forma parte dunha tese da USC sobre a mortalidade asociada ao consumo de tabaco



**Julia Rey Brandariz**

Doutoranda de terceiro ano do Programa de Doutoramento de Epidemioloxía e Saúde Pública da EDIUS

A Sociedade Portuguesa de Pneumoloxía (PSS) outorgoulle o Premio Robalo Cordeiro 2022 polo traballo titulado ‘*Smoking-attributable mortality in Portugal and its regions in 2019*’. Julia Rey reconece que este premio “supón un gran recoñecemento público polo traballo e o esforzo que supuxo este estudo”. A doutoranda engade que o feito de que un artigo seu gañase este premio “é un recoñecemento aínda maior polo que estou moi contenta”. Os directores de tese de doutoramento de Julia Rey Brandariz son Mónica Pérez Ríos e Alberto Ruano Raviña.

O Premio Robalo Cordeiro naceu para premiar a unha nova xeración de científicos e científicas dedicados á investigación na área respiratoria. O traballo escollido este ano forma parte da tese de doutoramento de Rey Brandariz, que trata sobre a estimación de mortalidade atribuída ao consumo de tabaco empregando diferentes metodoloxías.

Rey Brandariz explica que decidiu iniciar a súa tese sobre tabaquismo “porque é un factor de risco que continúa sendo moi prevalente en España e causa un grande impacto na saúde das persoas”. A investigadora comenta que este tema lle resulta especialmente atractivo polo feito de estar no programa de doutoramento de Epidemioloxía e Saúde Pública. “É moi interesante estudar un factor de risco que é prevenible e modificable e que os resultados obtidos nesta tese poidan axudar a tomadores de decisións a crear políticas de saúde”.

O traballo galardoado co Premio Robalo Cordeiro é froito da estadía de investigación que Julia Rey, que na actualidade desfruta dunha beca FPU, fixo na Universidade Nova de Lisboa. Sobre esta estadía en Portugal, Julia Rey afirma que foi “moi boa e grata”. Sofia Ravara e Pedro Aguiar, que foron os seus titores na Universidade de Lisboa, déronlle “todas as facilidades mentres estiveren alí, o que fixo que o traballo progresara moi ben e saíra rápido adiante”. A doutoranda tamén fai mención á “sorte” de poder marchar con outras dúas compañeiras de doutoramento, Cristina Candal e Nerea Mouriño, “que ademais de compañeiras tamén son amigas, polo que estar fóra fíxose menos duro con elas”.

[↩ Ir ao sumario](#)

**EDIUS** **NOVAS**

## USC e Xunta suman forzas para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i

O convenio asinado entre a USC e a Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades permitirá o desenvolvemento de actuacións estratéxicas de I+D+i co obxectivo de mellorar as infraestruturas, intensificar a actividade investigadora e aumentar a produtividade científica. O acordo, que mobiliza máis de cinco millóns de euros, dará pulo ao fomento dunha maior integración entre os centros de investigación e os sectores produtivos, alén de incidir na cultura da calidade e eficacia na utilización das infraestruturas e do capital humano. Así, o documento define accións en materia de actualización de infraestruturas científicas, captación e retención de talento, redefinición de estruturas de investigación e accións transversais.



FOTO: Santi Alvite

[↩ Ir ao sumario](#)

## A USC ocupa o primeiro posto no ránking das mellores universidades españolas en Enxeñaría Ambiental


**Research.com** sitúa á USC como a primeira universidade española no eido da Enxeñaría Ambiental. Esta clasificación -elaborada a partir dos datos extraídos até o 6 de decembro de 2021 da base de datos bibliométrica Microsoft Academic Graph- sitúa á institución compostelá no chanzo 112 do mundo, alén de distinguir a trece dos seus investigadores logo da análise de 166.880 perfís académicos, dos cales 9.206 pertencen ao ámbito da enxeñaría ambiental. Para a elaboración deste ránking analizouse o persoal científico de máis de 1.315 filiacións.

O profesor Gumersindo Feijoo Costa **ocupa o primeiro posto** na contorna estatal e o chanzo 676 a nivel internacional. Séguenlle Sara González-García, María Teresa Moreira, Marta Carballa, Francisco Omil, Anuska Mosquera-Corral, Almudena Hospido, Alejo Carballeira, Felipe Macías, J.A. Fernández, Jesús R. Aboal, Xosé Luis Otero e Agustín Merino.

## María José Alonso, Premio ASEICA 2022 nas súas categorías de ‘Muller e Ciencia’ e ‘Compromiso Social’

A Asociación Española de Investigación sobre o Cancro (**ASEICA**) outórgalle o Premio ASEICA 2022 nas súas categorías de ‘Muller e Ciencia’ e ‘Compromiso Social’, á catedrática da USC, María José Alonso. O Premio ASEICA-Muller reconece a profesionais que destacan como referentes na visualización, promoción e impulso de mulleres científicas no campo da oncoloxía. “María José Alonso é un referente do perfil de investigadoras forxadas a si mesmas, que chegaron ás cotas máis altas de recoñecemento internacional impulsando no seu camiño ao talento novo, particularmente a mulleres científicas”, sinalou Marisol Soengas, vicepresidenta da asociación e responsable de ASEICA-Muller.

María José Alonso agradeceu este recoñecemento a ASEICA e indicou que “o meu laboratorio está moi comprometido co desenvolvemento de novas estratexias terapéuticas para combater o cancro, particularmente no ámbito da medicina personalizada e, sobre todo, estou moi comprometida co desenvolvemento científico e profesional das mulleres”.



# Formación

## Actividades

Decembro 2022

### Transversais

#### Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSviewer

13, 14 e 15 de decembro de 2022. Actividade online. De 9:00 a 12:00 horas.  
Matriculación: do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2022

### Artes e Humanidades

#### Metodoloxía de investigación nos arquivos galegos

19 de decembro de 2022. Lugo, Facultade de Humanidades, seminario 214/Online. De 12:00 a 14:00 horas.  
Matriculación: do 5 ao 12 de decembro de 2022

#### A análise do discurso como metodoloxía transversal na investigación humanística

20 e 22 de decembro de 2022. Lugo, Facultade de Humanidades, seminario 214/Online. De 17:00 a 19:00 horas.  
Matriculación: do 5 ao 12 de decembro de 2022

### Ciencias e Enxeñarías

#### Seminario de Matemática Aplicada: Evaluación eficiente de cuadraturas Gaussianas

2 de decembro de 2022. Aula Magna da Facultade de Matemáticas, ou ben online a través do enlace **Teams meeting**. Conferenciante por Teams. 10:00 horas, duración 1 hora.  
Sen matrícula

 [Ir ao sumario](#)

**ENTREVISTA**



**Silvana Longueira**

Coordinadora  
do Plan de  
Desenvolvemento  
Sostible da USC

Silvana Longueira, coordinadora  
do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC

## «A investigación xoga un papel fundamental no liderado de procesos de transformación cara unha sociedade máis sustentable»

*A coordinadora do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC imparte un curso onde analiza os ODS da Axenda 2030.*

A Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable, aprobada pola ONU no ano 2015, estrutura os grandes retos globais en 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, unha proposta que interpela aos estados, ás institucións públicas, ao sector privado e á cidadanía. Neste marco, a investigación e a transferencia teñen un papel determinante no liderado de procesos de transformación cara a unha nova mirada onde a sustentabilidade sexa a premisa básica. Sobre este tema vai o curso organizado pola EDIUS ‘Sostibilidade, investigación e cooperación internacional. A propósito da axenda 2030’, formación iniciada en novembro e que remata este mes de decembro. Silvana Longueira Matos é unha das profesoras que imparte esta formación.

### **Como e cando xurdiu a idea de realizar unha formación vencellada aos ODS?**

O curso xorde dunha confluencia de intencións. Dende hai tempo a Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (**RGCUD**), financiada por **Cooperación Galega**, Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia, promove a formación da comunidade universitaria no eido da cooperación internacional, da Axenda 2030 e, por extensión, dos estudos do desenvolvemento. Pola súa banda, a USC fixo unha diagnose de necesidades e oportunidades sobre Sostibilidade e Axenda 2030 dende os catro eixos fundamentais de actuación (docencia, investigación, xestión e extensión) na que participou a dirección da EDIUS. E o máis importante, o interese da Escola de Doutoramento Internacional da USC en inserir formación sobre sostibilidade, transferencia e as achegas dos traballos de tese ao desenvolvemento social.

### **A quen vai dirixida?**

Ao alumnado da EDIUS, estudiantado que realiza a súa tese de doutoramento en calquera das áreas de coñecemento. Interesábanos especialmente chegar ás persoas que non traballan ou non se especializan en temáticas directamente vinculadas coa sostibilidade. Partimos da premisa de que

[↩ Ir ao sumario](#)

**«A cuestión  
chave é como as  
investigacións  
que desenvolvemos  
teñen en conta esta  
premisas no  
deseño, nos  
resultados e na  
transferencia»**

nestas investigacións xa estaría desenvolvida a evidencia da contribución neste campo. Ao final, cóntase con alumnado de todas as áreas e con especialidades moi diversas, o cal favorece discusións e exemplos máis ricos. A procura de confluencias entre áreas esixenos saír do noso marco de referencia e valorar posibilidades que non tiñamos contempladas.

**O curso parte da premisa dunha crise socio ambiental mundial. Que papel debe xogar a investigación no liderado de procesos de transformación cara a unha sociedade máis sustentable?**

Un papel fundamental. A situación de emerxencia que enfrontamos urxe un sólido compromiso que gravite sobre o coñecemento científico e tecnolóxico, eticamente guiado, dos retos que condicionan o desenvolvemento sustentable. A investigación básica e aplicada axuda a comprender estes desafíos e a procurar respostas viables que, ademais, actualmente son urxentes.

**Imaxinamos que sen perder de vista as directrices da Axenda 2030...**

As achegas da Axenda 2030 son interesantes pola diagnose que se concreta nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), máis que pola proposta operativa, trazada a partir dos indicadores, que poden ser considerados escasos e incluso incoherentes entre algúns deles. Dende a mirada da xeración de coñecemento, a Axenda ten interese orientador e xera marcos de confluencia ao redor de cada ODS, sendo a investigación unha ferramenta con moito potencial para buscar alternativas que favore-

zan a abordaxe dos grandes retos.

**Como podemos entender a sostibilidade?**

No curso abórdase a sostibilidade con toda a complexidade que implica, a transversalidade e a interdependencia. O concepto e as intervencións son complexos e poliédricos, implican ao ambiental, ao económico, ao social, ao cultural, ao político... para construír solucións, respostas, alternativas dende as disciplinas científicas. En definitiva, calquera investigación implica un avance no ámbito de coñecemento que traballa. Transforma a información en coñecemento e, nalgúns casos, pode chegar a construír un novo marco de comprensión sobre un problema dende a disciplina científica. Neste caso, ademais, procuramos reflexionar sobre as achegas da investigación á construción de sociedades máis sostibles e máis xustas.

**Que son a investigación e a innovación responsables?**

Toda aquela que ten incidencia nunha sociedade mellor, máis sustentable (dende todos os enfoques posibles) e máis xusta. O cal, a priori, deba ser un compromiso inherente ás institucións públicas co arraigo das universidades que, ademais, dedican parte dos seus esforzos á formación. A ciencia, a tecnoloxía e a educación son grandes forzas transformadoras, pero non están exentas de riscos, dilemas éticos e controversias. A cuestión chave é como as investigacións que desenvolvemos teñen en conta esta premisa no deseño, nos resultados e na transferencia.



**«Unha das cuestións fundamentais da RRI é detectar problemas relacionados coa investigación e a innovación para anticiparse ás súas consecuencias, e para facer que a sociedade debata sobre como a ciencia e a tecnoloxía poden axudar a crear o mundo e as sociedades que queremos»**

### **Comunidade científica e sociedade. Como é a relación?**

O Programa Horizonte 2020 da UE (2014-2020) fixo fincapé no enfoque de Investigación e Innovación Responsables (*Responsible Research and Innovation*, RRI) co obxectivo de reducir a fenda entre a comunidade científica e a sociedade. Unha das cuestións fundamentais da RRI é detectar problemas relacionados coa investigación e a innovación para anticiparse ás súas consecuencias, e para facer que a sociedade debata sobre como a ciencia e a tecnoloxía poden axudar a crear o mundo e as sociedades que queremos. A RRI é unha das cuestións que se ten en conta á hora de avaliar proxectos nas convocatorias de investigación. Inclúen cuestións de ética, a gobernanza, a igualdade de xénero, a educación científica, a participación e o acceso aberto. Con todo, demasiado a miúdo traducíuse simplemente en iniciativas de comunicación e divulgación de resultados, coa intención de achegar a ciencia á sociedade a través dos produtos dos proxectos (é unha parte do que denomina a documentación europea como “educación científica”).

### **E como debería ser esa relación?**

A cuestión debería ir moito máis alá e implicar cuestións intrínsecas no deseño das investigacións e dos equipos de investigación. O exemplo máis evidente é a perspectiva de xénero; non é só unha cuestión de igualdade de trato e de oportunidades na configuración das equipas de traballo, senón de ter en conta as diferentes fases da investigación, incluídos os resultados, as implicacións da dimensión de xénero.

### **De que xeito evolucionaron a investigación e a innovación responsables?**

Foron evolucionando e recoñecendo a complexidade de cada unha destas dimensións. Neste camiño, tanto Horizonte Europa (HE), o actual marco da UE en materia de investigación e innovación, como a Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación 2021-2027 defenden a inclusión dos ODS nas prioridades e obxectivos de I+D+i. En definitiva, sobre todo é unha cuestión de compromiso e de responsabilidade profesional, e, ademais, é unha cuestión de financiamento, pola orientación estratéxica dos plans e programas.

**«A cuestión debería ir moito máis alá e implicar cuestións intrínsecas no deseño das investigacións e dos equipos de investigación»**

 [Ir ao sumario](#)

### **Como unha tese de doutoramento pode axudar a este obxectivo?**

A academia en xeral, e as equipas de investigación en particular, contamos pouco, e habitualmente mal, o que facemos. O noso quefacer céntrase na investigación e na docencia, falta tempo para comunicar. Intercambiamos información entre nós, en foros especializados, pero cóstanos chegar á sociedade.

### **Que se pode facer desde as universidades?**

As universidades son unha forza investigadora moi potente que debe contribuír á xeración de coñecemento, tanto dende a formación para a investigación como dende a xeración de resultados de investigación. A etapa de doutoramento é unha etapa de formación, nun nivel moi especializado. É preciso ter en conta as dimensións que acabamos de comentar no deseño e desenvolvemento das investigacións, tamén a escala dunha tese. Ademais, é necesario mellorar as capacidades de comunicación científica e de divulgación. É un problema de competencia técnica e de perfil profesional especializado, aínda que á vez que desenvolvamos estas capacidades, melloraremos as capacidades da cidadanía e crearemos, cunha ciencia máis sostible e xusta, unha sociedade mellor.

### **E desde os programas de doutoramento?**

As universidades estamos inmersas nunha actualización das titulacións a partir da publicación do RD 822/2021, e os programas de doutoramento non son alleos a esta esixencia. Entre outras cuestións, o documento insta ás universidades a ter como referente os principios e valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible nos seus plans de estudos, en particular o que respecta aos dereitos humanos, dereitos fundamentais e valores democráticos, á igualdade de xénero, aos principios de accesibilidade universal e deseño para todas as persoas así como ao tratamento da sostibilidade e do cambio climático.



# Teses

Novembro 2022

*The heterogeneity of disruptive behavior in the preschool years: levels of organization and underlying mechanisms*

**BEATRIZ DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ**

**Director/es:** María Laura López Romero, Estrella Romero Triñanes

**PD:** Neurociencia e Psicoloxía Clínica

**Data:** 03/11/2022 - Semipresencial

## Resumo:

Nesta tese profundizase na análise da heteroxeneidade etiolóxica e fenotípica dos problemas de conduta perturbadora de inicio temperán, empregando datos lonxitudinais dunha ampla mostra comunitaria de preescolares (Proxecto ELISA, N= 2467, 48.1% nenas, media de idade= 4.25 anos, DT=.91). As preguntas de investigación formuláronse tendo en conta os modelos teóricos dispoñíbeis e a evidencia empírica previa. A nivel conceptual, apoiámonos en aproximacións estruturais á psicopatoloxía, de corte empírico, así como na teoría e investigación sobre temperamento. A nivel metodolóxico, empregáronse modelos de variables latentes (e.g., análises con ecuacións estruturais) para contrastar as nosas hipóteses.

*Papel de las vesículas extracelulares liberadas por el tejido adiposo humano en la obesidad*

**TAMARA CAMINO MARTÍNEZ**

**Director/es:** María Pardo Pérez, Felipe Casanueva Freijo

**PD:** Endocrinoloxía

**Data:** 03/11/2022 - Presencial

## Resumo:

En la tesis doctoral se ha optimizado el aislamiento y caracterizado las VEs liberadas por el tejido adiposo en el contexto de la obesidad, además de estudiar su rol funcional tanto en condiciones fisiológicas, como tras las alteraciones metabólicas asociadas a la obesidad. Por lo tanto, concluimos que las VEs liberadas por el tejido adiposo en el contexto de esta enfermedad, se postulan como estructuras de comunicación intercelular muy sofisticadas y dinámicas, que además de tener capacidad funcional induciendo o exacerbando la patología, portan diferentes biomarcadores de la obesidad y sus comorbilidades como la adiposidad visceral, o la resistencia a la insulina dependiendo de la localización anatómica y del estado metabólico de la célula/tejido de origen.

[↩ Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Sistemas de detección precoz, consejo breve y derivación a tratamiento para adicciones con y sin sustancia en adolescentes*

**NURIA GARCÍA COUCEIRO**

**Director/es:** Manuel Gandoy Crego, Jesús Varela Mallou

**PD:** Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

**Data:** 04/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Las adicciones constituyen uno de los principales problemas de salud pública que afectan a los jóvenes españoles. Los elevados niveles de prevalencia, la falta de descensos significativos en las tendencias de consumo, las tempranas edades de inicio y los riesgos asociados hacen pensar en la necesidad de un cambio de paradigma en la labor de los dispositivos de prevención. Diseñar nuevas estrategias que incluyan la detección precoz y la intervención breve podría contribuir a que los dispositivos de Atención Primaria fueran menos reactivos y más proactivos. El modelo SBIRT (Screening, Brief Intervention and Referral to Treatment), que desde hace décadas se viene aplicando en EE. UU., supone un enfoque integral e integrado de Salud Pública, con el que se podrían abordar las adicciones con y sin sustancia, tanto de aquellos jóvenes con trastornos adictivos instaurados, como de aquellos que muestren una elevada probabilidad de desarrollarlos.

*Hospitalizaciones y mortalidad asociadas a la Enfermedad Pulmonar Obstructiva Crónica en Galicia*

**ALBERTO FERNÁNDEZ GARCÍA**

**Director/es:** Mónica Pérez Ríos, Alberto Ruano Raviña

**PD:** Epidemioloxía e Saúde Pública

**Data:** 08/11/2022 - Presencial

### Resumo:

La EPOC es una de las patologías más prevalentes en la actualidad y genera una gran morbilidad y mortalidad a nivel global, con un fuerte impacto social y sobre el sistema sanitario. La evidente escasez de estudios que analicen la mortalidad, el lugar de fallecimiento y las hospitalizaciones relacionadas con esta enfermedad justifica la elaboración de este proyecto de tesis que puede ser de utilidad para hacer estimaciones futuras y reorientar estrategias asistenciales y preventivas.

*Epidemiología y control de infecciones causadas por Betanodavirus*

**LUCÍA VÁZQUEZ SALGADO**

**Director/es:** María Isabel Bandín Matos

**PD:** Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria

**Data:** 08/11/2022 - Presencial

### Resumo:

El Virus de la Necrosis Nerviosa Viral es un importante patógeno de peces, miembro del Género Betanodavirus, y es el agente etiológico de la enfermedad denominada Encefalopatía y Retinopatía Viral que provoca grandes pérdidas en la acuicultura mundial. En esta tesis doctoral se presentan los resultados de un estudio epidemiológico sobre la prevalencia del VNNV en especies capturadas en aguas de la costa Atlántica de Galicia y se demuestra que los invertebrados marinos son una vía de introducción del patógeno en los criaderos. También se analizan diferentes parámetros que pueden afectar a la aparición de epizootias, y que pueden ser la base de nuevas estrategias de control de la infección.

 [Ir ao sumario](#)

---

## Teses defendidas en novembro

---

*Mapping the feasibility of lignocellulosic biorefinery routes: the relevance of system modelling in life cycle assessment*

**SARA BELLO OULD-AMER**

**Director/es:** María Teresa Moreira Vilar

**PD:** Enxeñaría Química e Ambiental

**Data:** 11/11/2022 - Semipresencial

---

### **Resumo:**

The defossilization of the chemical industry, together with negative emission technologies like carbon capture and storage and carbon capture and utilization have been defined as essential contributors to curb the climate crisis. To reach climate goals, it will also be necessary to support the sustainable development of biorefining pathways. The objective of this thesis is to determine the environmental weaknesses and strengths of second generation biorefineries. The analysis of different renewable carbon opportunities to reach climate neutrality goals and objectives beyond decarbonization was achieved through the life cycle assessment methodology. Studying different modelling systems allowed to support the consistent development of recommendations and best practices in regulations and standards of biorefineries.

---

*Identificación de correlatos neuroanatómicos y neurofuncionales de la memoria episódica en el deterioro cognitivo ligero*

**MIGUEL ÁNGEL RIVAS FERNÁNDEZ**

**Director/es:** Santiago Galdo Álvarez, Mónica Lindín Novo

**PD:** Neurociencia e Psicoloxía Clínica

**Data:** 11/11/2022 - Presencial

---

### **Resumo:**

En el continuo de la enfermedad de Alzheimer (EA), el deterioro cognitivo ligero (DCL) es considerado un estadio prodrómico, con déficits cognitivos objetivos, pero preservación de actividades de la vida diaria. Uno de los sistemas neurocognitivos más afectados en la EA es la memoria episódica (ME), que permite recuperar información contextualizada en espacio y tiempo. Sin embargo, la evidencia sobre los cambios neuroanatómicos y neurofuncionales en el DCL, afectando la ME, es inconsistente. En esta Tesis Doctoral, utilizando resonancia magnética nuclear, se identificaron correlatos neurofuncionales y neuroanatómicos de la ME en el DCL. Se compararon adultos con DCL amnésico unidominio y cognitivamente sanos, así como adultos con DCL y diferentes perfiles de biomarcadores de la EA, obtenidos en líquido cefalorraquídeo.

---

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*La comunicación del valor de los medios de servicio público en Europa*

**ANDREA VALENCIA BERMÚDEZ**

**Director/es:** Francisco Manuel Campos Freire, José Miguel Tüñez López

**PD:** Comunicación e Información Contemporánea

**Data:** 15/11/2022 - Presencial

### **Resumo:**

Los resultados de esta tesis doctoral se suman a una línea específica de investigación sobre el audiovisual público en Europa. Primero, porque ofrecen un marco teórico sobre el concepto de valor y servicio público, para entender y construir argumentos que justifiquen la existencia de estos servicios en el tablero digital. De esta forma, y al lidiar con un tema esencial para el futuro de las organizaciones de medios de servicio público y del sector audiovisual en Europa, esta tesis doctoral contribuye al desarrollo de estudios mediáticos y de comunicación. Segundo, porque los datos extraídos de seis casos de estudio representativos de las diferentes realidades de los medios de servicio público de la Unión Europea permiten identificar acciones de comunicación del valor que cada una lleva a cabo y así extraer casos de éxito y posibilidades de mejora.

*Accidentes laborales (no aéreos) en incendios forestales en Galicia*

**FERNANDO IGLESIAS REY**

**Director/es:** Jorge Rafael Nogueira Raposo, Alberto Rojo Alboreca (titor)

**PD:** Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural e Civil

**Data:** 15/11/2022 - Semipresencial

### **Resumo:**

Los accidentes en incendios forestales son motivo de grave preocupación en la sociedad actual. La organización del territorio gallego en pequeñas parroquias hace que Galicia muchas más poblaciones que el resto de las autonomías de España. Este hecho deriva en una complicación logística de los incendios forestales y un aumento de la peligrosidad debido, entre otras cosas, al entramado de redes eléctricas que tienen que abastecer a esas poblaciones. Actualmente, y desde que existen datos, en Galicia se han producido múltiples accidentes: acorralamientos en incendios, fallecimientos por esfuerzos, electrocuciones, atropellos, despeñamientos o, simplemente, tránsito por el lugar del incendio. Esta tesis pretende hacer un análisis de los accidentes en incendios forestales en Galicia y con ese análisis redactar una serie de recomendaciones para disminuir su número y gravedad.

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Screening do cyberbullying entre os adolescentes galegos. Análise descritiva e variables asociadas*

**RAFAEL PICHEL MIRA**

**Director/es:** Antonio Rial Boubeta, Jesús Varela Mallou

**PD:** Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

**Data:** 17/11/2022 - Presencial

*Principales factores para el desarrollo local en territorios auríferos: un análisis multivariante a escala municipal en Colombia*

**HAROLD MORENO HOLGUIN**

**Director/es:** Melchor Fernández Fernández, Manuel Fernández Grela

**PD:** Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

**Data:** 18/11/2022 - Presencial

*Continual federated machine learning under concept drift*

**FERNANDO ESTÉVEZ CASADO**

**Director/es:** Senén Barro Ameneiro, Roberto Iglesias Rodríguez

**PD:** Investigación en Tecnoloxías da Información

**Data:** 18/11/2022 - Presencial

### Resumo:

A liña de investigación baixo a cal se enmarca a presente tese de doutoramento, tivo como obxectivo levar a cabo unha avaliación do fenómeno do *cyberbullying* entre a poboación escolar galega. O compendio de traballos aquí presentados, pretende contribuír a dar resposta a algunhas das seguintes cuestións: (1) dispor de datos estimativos da magnitude do *cyberbullying* na comunidade galega, mediante o emprego de ferramentas de screening contrastadas e avaladas cientificamente; (2) obter novas evidencias empíricas mediante a análise descritiva das variables asociadas, e (3) estudar a relación entre o *bullying* escolar e o *cyberbullying*. As achegas acadadas neste traballo aspirean a contribuír non só a mellorar a comprensión do fenómeno, senón tamén ó desenrolo de programas de prevención eficaces que orienten as actuacións para concienciar e combater ó *cyberbullying*.

### Resumo:

En el presente trabajo, se lleva a cabo un análisis crítico del concepto de Desarrollo Local aplicado al Sector Minero-aurífero en Colombia a fin de determinar, tanto de acuerdo a las Concepciones Metodológicas e históricas, como en un abordaje estadístico basado en la Teoría de Sistemas Complejos, si tales elementos y factores considerados explicativos del Desarrollo en una Región pueden considerarse que se estén presentando como una consecuencia directa o indirecta del desarrollo de tal Actividad Económica.

### Resumo:

O obxectivo da tese é o de desenvolver novas estratexias de aprendizaxe federada que, mantendo tódalas vantaxes que esta tecnoloxía xa proporciona, permitan tamén lidar con escenarios continuos, en situación non estacionarias suxeitas a derivas de concepto. As dúas contribucións máis importantes da tese son o método Concept-Drift-Aware Federated Averaging (CDA-FedAvg) e a arquitectura Ensemble and Continual Federated Learning (ECFL).

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Evaluación pronóstica de la EPOC basada en parámetros clínicos, función pulmonar y biomarcadores séricos*

**SANDRA MARTÍNEZ GESTOSO**

**Director/es:** Francisco Javier González Barcala, María Teresa García Sanz

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 21/11/2022 - Presencial

*Spatio-temporal convolutional neural networks for video object detection*

**DANIEL CORES COSTA**

**Director/es:** Víctor Manuel Brea Sánchez, Manuel Felipe Mucientes Molina

**PD:** Investigación en Tecnoloxías da Información

**Data:** 21/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Tras analizar los datos del estudio realizado durante los dos últimos años de residencia de Medicina Familiar y Comunitaria (2017-2018) bajo el nombre *Impacto de la hiponatremia en el pronóstico de los pacientes hospitalizados por agudización de EPOC*, obtuvimos una línea de investigación en la que se podían relacionar más variables interesantes que la hiponatremia en el paciente ingresado con EPOC. El elevado coste de la EPOC provoca la búsqueda de alternativas asistenciales como la hospitalización domiciliaria o la aplicación de la inteligencia artificial al estudio de la enfermedad. De ahí nace la actual propuesta de investigación, en la que a mayores de biomarcadores séricos, se plantea relación con parámetros clínicos y función pulmonar del paciente con EPOC.

### Resumo:

The object detection problem is composed of two main tasks, object localization and object classification. The detection precision in images has greatly improved with the use of Deep Learning techniques, especially with the adoption of Convolutional Neural Networks. However, object detection in videos presents new challenges such as motion blur, out-of-focus or object occlusions that deteriorate object features in some specific frames. Moreover, traditional object detectors do not exploit spatio-temporal information that can be crucial to address these new challenges, boosting the detection precision. Hence, new object detection frameworks specifically designed for videos are needed to replicate the same success achieved in the single image domain. The availability of spatio-temporal information unlocks the possibility of analyzing long- and short-term relations among detections at different time steps. This highly improves the object classification precision in deteriorated frames in which a single image object detector would not be able to provide the correct object category. We propose new methods to establish these relations and aggregate information from different frames, proving through experimentation that they improve single image baseline and previous video object detectors.

 [Ir ao sumario](#)



## Teses defendidas en novembro

*Challenges on the road to sustainability in strategic primary sectors*

**ANTONIO JOSÉ CORTÉS MONTOYA**

**Director/es:** Gumersindo Feijoo Costa, María Teresa Moreira Vilar

**PD:** Enxeñaría Química e Ambiental

**Data:** 22/11/2022 - Semipresencial

### Resumo:

This doctoral thesis focuses on the environmental analysis through the methodology of Life Cycle Assessment of innovative alternatives for the application of the principles of circular economy in strategic primary sectors in Galicia. Specifically, the valorisation of wine residues to obtain value-added products, the application of traditional techniques in the in-shore fishery, the application of multi-product strategies in the canning sector, and the level of eco-efficiency in dairy and aquaculture farms were analysed. The results of this thesis have made it possible to determine the “hot spots” of the different practices, as well as benchmarking with other management alternatives.

*Avaliación do trigo autóctono panificable dentro dun sistema de rotación sostible*

**FERNANDO ALMEIDA GARCÍA**

**Director/es:** Benigno Ruíz Nogueiras, Santiago Pereira Lorenzo

**PD:** Investigación Agraria e Forestal

**Data:** 23/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Avaliación da resposta do trigo autóctono (*Triticum aestivum* L.) en rotación con *Lupinus albus* L. doce incluíndo un ano de barbeito fronte ao monocultivo, na localidade de Tabeaio, concello de Carral, na Provincia da Coruña. Os resultados mostraron como a rotación influíu no rendemento de gran, nas impurezas en forma de sementes doutras especies, no peso hectolitro e no peso de mil sementes. O monocultivo afectou negativamente ás variables anteriores. Por outro lado, contribuíuse a avaliación do perfil ambiental de diferentes rotacións con variedades locais de trigo. Os resultados mostraron o efecto positivo destas variedades nas rotacións e na produción de pan. A menor dependencia de agroquímicos sumada ao beneficio da maior achega de residuos ao solo, confirenlle un mellor perfil ambiental.

*El proceso de adaptación partidaria: el caso de las Fuerzas Armadas Revolucionarias de Colombia-Ejército del Pueblo*

**ANDRÉS DÍAZ-VARELA LÓPEZ**

**Director/es:** María Nieves Lagares Díez

**PD:** Marketing Político, Actores e Institucións nas Sociedades Contemporáneas

**Data:** 21/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Os achegamentos académicos orientados ao estudo do conflito armado en Colombia foron moi numerosos e desde múltiples ópticas. Moitos dos interrogantes expostos foron transformándose en respostas e, con elas, puidemos comprender as causas e consecuencias dos distintos actos e obxectivos das diferentes partes implicadas. A formulación que se presenta neste estudo céntrase en tres aspectos principais como son o porqué do triunfo dos Acordos de Paz da Habana e non doutros, a influencia das orixes na aparición da guerrilla das FARC-EP na súa posterior adaptación partidaria e a análise do electorado colombiano en canto a diversos aspectos relacionados coas FARC-EP.

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Imagen funcional en tumores neuroendocrinos: evaluación de la heterogeneidad molecular mediante PET/CT con 68Ga-DOTATOC y 18F-FDG*

**ZULEMA NOGAREDA SEOANE**

**Director/es:** Álvaro Ruibal Morell, Virginia Pubul Núñez, Manuel Pereiro Ferreirós (titor)

**PD:** Investigación Clínica en Medicina

**Data:** 24/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Los tumores neuroendocrinos son un grupo de neoplasias heterogéneas que son considerados tumores raros. Sin embargo, su incidencia ha aumentado en los últimos años debido a la mejora de las técnicas diagnósticas y al mayor conocimiento de estos por parte de la comunidad científica. Los tumores neuroendocrinos bien diferenciados expresan en su superficie receptores de somatostatina que son puestos de manifiesto en la PET/TC con [68Ga]-DOTA-TOC, mientras que los tumores más desdiferenciados no presentan esta capacidad, pero si un alto consumo de glucosa, por lo que pueden ser objetivados mediante una PET/TC con [18F]-FDG. El objetivo de este estudio es valorar el rendimiento diagnóstico de ambas técnicas de imagen en función del grado de diferenciación tumoral, con el fin de lograr una correcta valoración de la enfermedad y determinar un adecuado tratamiento.

*El rastro de la identidad: la representación de las migraciones atlánticas por medio de la indexación semántica de corpus textuales en documentos de archivo (1776-1939)*

**MARÍA REGINA CARREIRA LÓPEZ**

**Director/es:** Chrystelle Fortineau-Brémond, Gonzalo Francisco Fernández Suárez (titor)

**PD:** Estudos Culturais: Memoria, Identidade, Territorio e Linguaxe

**Data:** 25/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Este proyecto sostiene la hipótesis según la cual la indexación semántica de la oralidad transcrita puede contribuir a trazar parte de la memoria social que las migraciones atlánticas poscoloniales (1776-1939) trasladaron a algunas comunidades con identidades sociolingüísticas consolidadas, a través del análisis hermenéutico y estructural del discurso que aflora en una muestra de textos. La investigación busca aportar soluciones lingüísticas para el diseño y el desarrollo potencial de herramientas documentales que acompañen a los usuarios no especialistas en los procesos de recuperación de información, por medio de una experiencia piloto, que se apoya en técnicas cuantitativas y cualitativas para el cálculo de inferencias por asociaciones y concordancias en 313 facetas que coocurren en 46 corpus textuales de extensión distinta.

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Advances in statistical inference for econometric diffusion models*

**ALEJANDRA MARÍA LÓPEZ PÉREZ**

**Director/es:** Manuel Febrero Bande, Wenceslao Gonzalez Manteiga

**PD:** Estatística e Investigación Operativa

**Data:** 25/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Due to their analytical tractability, continuous-time models have become a centerpiece in the financial literature. The goal of this thesis is the development of new goodness-of-fit test for continuous-time diffusion models, considering stochastic differential equations with deterministic and stochastic volatility and Itô diffusions as functional time series. Notwithstanding the importance of goodness-of-fit tools, latent factors and a continuous-time setting with observations occurring at discrete time points challenge the estimation of the models. Therefore, the estimation problem is addressed, as it hinders the goodness-of-fit procedures, discussing the intricacies of different estimation implementations prior to the methodological contribution of the test procedures.

*Factores determinantes da emigración rural da poboación moza en Galicia no século XXI*

**ROCÍO TOXO ASOREI**

**Director/es:** Carlos Antonio J. Allones Pérez, Ana Isabel García Arias

**PD:** Xestión Sustentable da Terra e do Territorio

**Data:** 25/11/2022 - Presencial

### Resumo:

Existe un importante volume de publicacións no campo da demografía e da xeografía da poboación que abordaron diferentes aspectos vencellados á poboación de Galicia. Non obstante, bótanse en falta estudos centrados na emigración rural da poboación moza en Galicia na actualidade. Nesta tese de doutoramento, caracterízanse estas emigracións e analízase en que medida os seus factores determinantes converxen con aqueles factores destacados na literatura científica referida ás áreas rurais doutros contextos europeos. Achégase, polo tanto, un coñecemento de base útil para discernir o tipo de medidas ou accións máis axeitadas para mitigar este fenómeno social e as problemáticas asociadas no contexto galego.

*Estudio de los predictores de la Dislexia Evolutiva y elaboración de una escala para su detección temprana*

**CRISTINA QUIROGA BERNARDOS**

**Director/es:** Santiago López Gómez, Eva María Taboada Ares

**PD:** Desenvolvemento Psicolóxico, Aprendizaxe e Saúde

**Data:** 25/11/2022 - Presencial

### Resumo:

El objetivo general de esta tesis es elaborar una Escala de Detección de Signos de Inmadurez Neuroevolutiva (EDSINE) para detectar a los niños en riesgo de presentar dificultades en el aprendizaje de la lectura antes de que comience la instrucción formal. Además, esta escala se complementa con un cuestionario cuyo fin es identificar la presencia de factores de riesgo ambiental relacionados con este trastorno, para analizar el efecto de estos sobre la maduración neuropsicológica de las áreas que se reconocen como prerrequisitos de las habilidades de lectoescritura. Con ello, se pretende mejorar la detección temprana de aquellos niños de riesgo y así incrementar el potencial de las intervenciones al facilitar el momento más óptimo para su implementación.

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Permanência e sucesso de pessoas adultas em Processo de reconhecimento, validação e certificação de competências (RVCC): Estudo de caso num centro qualifica do norte de Portugal*

**ANABELA CARDOSO PINHEIRO**

**Director/es:** Joao Pedro Luís de Queirós, María Esther Olveira Olveira, María del Carmen Gutierrez Moar, Ana María Porto Castro (titora)

**PD:** Educación

**Data:** 25/11/2022 - Presencial

*La retórica en el Libro de las virtuosas e claras mujeres de Álvaro de Luna*

**XIN KONG**

**Director/es:** Juan Casas Rigall

**PD:** Estudos da Literatura e da Cultura

**Data:** 25/11/2022 - Semipresencial

### **Resumo:**

Esta investigación, consubstanciada num estudo de caso desenvolvido num Centro Qualifica do Norte de Portugal, debruçou-se sobre a participação de pessoas adultas em processos de RVCC. O acompanhamento, do início ao fim das atividades, de um grupo de participantes, complementado com a observação e análise das práticas e representações de profissionais e a apreciação das perspectivas de especialistas, permitiu aferir as virtualidades e limitações destes processos, num quadro político e institucional marcado pela instabilidade, e possibilitou o estudo detalhado dos fatores que garantem a qualidade - e, portanto, a permanência e o sucesso - desta modalidade de educação e formação de pessoas adultas.

### **Resumo:**

Mediante el presente trabajo, intentamos analizar la aplicación de la retórica en el Libro de las virtuosas e claras mujeres de Álvaro de Luna. Tras la sección introductoria, como fundamento se investigan las tres fases del discurso, la inventio, la dispositio y la elocutio, así como los objetivos o tesis del autor. De este modo, se revelan las ideas y tópicos, la estructura de la obra y sus capítulos, con sus interrelaciones, así como los procedimientos elocutivos elegidos. En este sentido, el libro, inserto en el debate en torno a la condición femenina, pertenece a los géneros judicial y deliberativo. A través de la retórica, bajo el discurso en defensa de la mujer, Álvaro de Luna propone a los lectores un modelo afín a sus conceptos políticos e ideológicos. En último término, el autor aboga por la auctoritas y la lealtad, procuradores del ideal sociopolítico propuesto, y exige a los lectores su asunción y defensa.

 [Ir ao sumario](#)

## Teses defendidas en novembro

*Contributions to flexible bivariate regression models. Applications in Medicine and Environment*

**ÓSCAR LADO BALEATO**

**Director/es:** Francisco Gude Sampedro, Javier Roca Pardiñas

**PD:** Estatística e Investigación Operativa

**Data:** 25/11/2022 - Semipresencial

*Modified gravities and applications*

**DAVID VÁZQUEZ RODRÍGUEZ**

**Director/es:** José Daniel Edelstein Glaubach

**PD:** Física Nuclear e de Partículas

**Data:** 25/11/2022 - Semipresencial

*Pensamiento científico, político y naval del Almirante Augusto Miranda y Godoy (1855-1920). Visión integral de un Marino ilustrado*

**JAIME ANTÓN VISCASILLAS**

**Director/es:** Fernando Julio Ponte Hernando, Luis Velasco Martínez

**PD:** Filosofía

**Data:** 28/11/2022 - Presencial

[↩ Ir ao sumario](#)

### Resumo:

This thesis proposes bivariate regression models useful in clinical setting, in medical research, and in other fields. To make these models as widely as possible, no parametric restrictions for the responses variables were contemplated. A probabilistic region covering a specific percentage of the data points can be estimated for these models. This region characterises the bivariate distribution shape depending on the effect of covariates. In practical terms, this identifies which values are most likely to be observed in the general healthy population after adjusting for patient characteristics; a region containing 95% of healthy patients results as conditioned by covariates can thus be obtained for diagnostic purposes. This reference region is a natural extension of the use of reference intervals.

### Resumo:

We discuss extensions of General Relativity (GR) in several contexts. First, we review different strategies to characterize higher order extensions of Einstein gravity in terms of their theory particle content and the existence or not of black hole solutions. Besides, we will discuss higher-derivative gravities with the inclusion of explicit derivatives of curvature tensors. In the lagrangian studying the spectrum over maximally-symmetric spaces. In the second part, we will discuss cosmological applications to these theories, with a particular interest in inflation with the so-called “geometric inflation” theories. Finally, we show a new and universal method to renormalize any modified gravity in space-time  $D = 4, D \leq 5$  over AdS spaces with holographic purpose.

### Resumo:

Con el prisma de la filosofía de la historia y partiendo del concepto de biografía como método del conocimiento histórico (Wilhelm Dilthey), la presente tesis analiza de manera multidisciplinar la labor del Almirante Augusto Miranda y Godoy (1855-1920), con el objetivo de alcanzar una visión global e integral de su figura en la Historia contemporánea de España y, particularmente, en la historia de la ciencia. Comprende, a través de su obra, el estudio de su pensamiento científico, de su pensamiento político y, especialmente de su Pensamiento Naval, entendido este último en toda la amplitud y profundidad que este concepto abarca y a través de sus diferentes vertientes en función de la materia que aborda: génesis del pensamiento naval y materialización del mismo a través de la política naval que impulsó Augusto Miranda como Ministro de Marina.

# «O coñecemento non é unha vasilla que se enche, senón un lume que se prende»

Plutarco

## nEDIUS

---

Editada por Escola de Doutoramento  
Internacional da USC (EDIUS),  
Santiago de Compostela

Coordinación:  
Miguel Tüñez

Revisión lingüística:  
Gisella Costas López  
*PD Estudos da Literatura  
e da Cultura*

Copy:  
Clara Castilla

Deseño:  
nudobrand

Escola de Doutoramento Internacional (EDIUS)

881814360 / 14361  
[edius@usc.es](mailto:edius@usc.es)

Casa dos Catedráticos. Av. das Ciencias, 6  
15782 Santiago de Compostela

Depósito Legal: C 1550-2020  
ISSN 2792-6079



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
CULTURA, EDUCACIÓN  
E UNIVERSIDADE

*Actividade financiada polo Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura,  
Educación e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i.*